

FEITOS E RETOS DO SISTEMA PENITENCIARIO FEMININO: CRIMINOLOXÍA FEMINISTA E VISIBILIDADE DAS “NOVAS PRESAS”

...y no se verán las escuelas cerradas y abiertas las cárceles. Abrid aquellas, y éstas se cerrarán por sí.

“La sociedad paga bien caro el abandono en que deja a sus hijos, como todos los padres que no educan a los suyos”.

Concepción Arenal, *La mujer del porvenir*.

Yolanda Ferreiro Novo.

Abogada

Falar de muller e cadea é falar dun territorio inexplorado; as mulleres e a súa situación nas cadeas é silencio, miseria, vergonza, esquecemento. Era nos tempos de dona Concepción e continua a ser douscentos anos logo do nacemento da que fora nomeada Inspectora de Casas de Corrección de Mujeres no ano 1868.

Nun texto que pretende dar luz sobre ese territorio inexplorado e sobre todo, sobre a vida das mulleres nese territorio, é obrigado ter como referente a unha muller como Concepción Arenal, quen durante toda a súa vida preocupouse de denunciar e mellorar a situación das persoas presas e en especial, das mulleres presas.

O obxectivo deste texto é acender a luz sobre a cadea, sobre as mulleres presas e, que a súa lectura sirva de acicate para querer coñecer que acontece tras aqueles muros, querer coñecer as persoas que habitan tras eses muros, as súas inquietudes, os seus medos, as súas necesidades e, axudarnos tamén a nos a superar os prexuizos cos que miramos o que descoñecemos, e asumir que tras aquel muro sobrevive o reflexo peor de nós mesmos como sociedade.

INTRODUCCIÓN. DATOS E MAIS DATOS.

A realidade da privación de liberdade da muller é distinta da dos homes. Non só porque cada un deles teñan, vivan, protagonicen e sexan debedores de condicións persoais e sociais diferenciadas, senón tamén polo feito de que en xeral, o sistema penitenciario xira en torno o home.

O peso poboacional masculino ten sido e é determinante tanto na tipoloxía dos centros penitenciarios, como nas súas condicións arquitectónicas e as propias dotacións de servicios. Este feito deriva, en non poucas ocasións, en tratos desiguais en prexuízo da muller.

O sistema penitenciario español conta na actualidade con¹:

- 69 Centros Penitenciarios para o cumprimento das penas, medidas de seguridade e prisión preventiva.
- 2 Centros Psiquiátricos Penitenciarios.
- 13 Centros de Inserción Social, establecementos penitenciarios destinados ó cumprimento das penas privativas de liberdade en réxime aberto ².
- 19 Seccións Abertas, funcións similares aos CIS dependentes, pero ubicados nos Centros Penitenciarios.
- 3 Unidades de Nais (Instalación onde conviven nenos e nenas ata a idade de 3 anos coidados polas súas nais)
- 43 Unidades de Custodia Hospitalaria, espazos reservados en centros hospitalarios de referencia para albergar a persoas presas que requiren asistencia hospitalaria.
- 55 Servicios de Xestión de Penas e Medidas Alternativas: unidades administrativas que teñen encomendada a execución das pena e medidas alternativas e dependen orgánica e funcionalmente dun Establecemento Penitenciario.

Só existen 3 centros penitenciarios exclusivamente femininos – Alcalá de Guadaíra, Madrid I e Avila- e as 3 unidades de nais dependentes da

¹ Datos Institucións Penitenciarias [Establecimiento penitenciarios](#)

² Prisión atenuada con posibilidade de traballar no exterior. Tamén nos CIS faise o seguimento de penas non privativas de liberdade (control telemático mediante pulseiras ou outros dispositivos).

Administración Xeral do Estado. O resto de mulleres que cumpren pena de prisión o fan en centros penitenciarios mixtos.

En febreiro do 2020, a Secretaria General de Instituciones Penitenciarias fixo público o informe “La situación de la mujer privada de libertad en la Institución Penitenciaria”.³ É necesario coñecer os datos para facer unha valoración obxectiva da situación das mulleres nas cadeas do estado español e unha achega con visión de xénero a situación penitenciaria das mulleres e o sistema penal español.

Dos datos estatísticos da poboación reclusa a xuño do 2021 (os derradeiros publicados), dun total de 56.166 persoas presas, o 7,3% son mulleres (4.126 mulleres), do total, 3.484 mulleres están penadas e 2.153 delas clasificadas en segundo grado, 557 mulleres son presas preventivas; a maioría das mulleres presas concentrasen nas comunidades autónomas de Andalucía (868), Madrid (688), Cataluña (571), Comunidad Valenciana (570), Castilla e León (233), Canarias (222) e Galicia (202). Un total de 2.482 mulleres teñen entre 31 e 50 anos. Un total de 2.395 mulleres cumpren pena de prisión por delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica (1.498) e delitos contra a saúde pública (897), ningún deles, delitos violentos. Da poboación presa estranxeira, as mulleres representan o 6,67%, un total de 1.081 mulleres estranxeiras, do total de mulleres presas, as mulleres estranxeiras representan un 26,20% sobre o total de mulleres presas.

Con estes datos podemos facer un mapa mental da muller encarcerada nas cadeas españolas, estranxeira, moza, condenada por delitos non violentos e que extingue a pena de prisión en cadeas mixtas.

CRIMINOLOXÍA FEMINISTA.

E preciso coñecer a execución penal feminina nas derradeiras décadas para así comprender si os novos modelos penitenciarios poderían ser novas estratexias de control das mulleres presas en contra de políticas de igualdade.

O comezo do texto poñíamos de relevancia que falar de muller e cadea e falar de silencio e esquecemento. Si nos achegamos os principais pensadores sobre criminoloxía desde o século XVIII ata finais do século XX, de cincuenta

³ [La situación de la mujer privada de libertad en la Institución Penitenciaria \(Secretaria General de Instituciones Penitenciarias\)](#)

pensadores, só oito son mulleres, e do total dos cincuenta seleccionados, so seis, teñen investigado extensamente sobre as mulleres e o sistema de xustiza criminal. As criminoloxías feministas creceron a par que os movementos de mulleres na década de 1970, como resposta ao dominio masculino nas principais correntes criminolóxicas, o que implica non só que as mulleres foran excluídas da investigación criminolóxica, senón que practicamente non tiñan sido suxeitos de investigación. Son as sociólogas e/ou as criminólogas feministas as que cuestionan por primeira vez as teorías androcéntricas da delincuencia feminina. Neste contexto, o estudio dos sistemas de execución penal feminina en España é un asunto largamente esquecido ata chegado o século XXI.

Especialmente nos últimos quince anos, as bases teóricas das perspectivas críticas e feministas foron ampliándose, profundando e complexizando mais, ao amparo legal das Reglas de Bangkok ⁴. Na fase de neoliberalismo global, debe confrontarse con outros novos e a miúdo ampliados e internacionalizados controis punitivos das súas transgresións, mais sutís pero moitas veces igual ou mais misóxinos que os tradicionais. Nas investigacións de todas as autoras, cuestionan e analizan as causas dese dominio androcéntrico na criminoloxía, así como, as propias relacións entre o feminismo e a criminoloxía. Tamén as razóns polas cales as mulleres criminais foron esquecidas durante tanto tempo por esta disciplina; se aínda perduran os estereotipos positivistas sobre a delincuencia feminina ou si se está construíndo un novo tipo de “muller criminal e delincuente” con estereotipos mais contemporáneos, as características e os perfís das mulleres encarceradas, os seus delitos e condenas; o tipo de réxime e de tratamento penitenciario que se aplica nas cadeas femininas e as diferencias co que se aplica aos homes; o tipo de discriminacións que existen e as súas causas; o trato que a policía, os tribunais, os xuíces, os funcionarios das cadeas, os traballadores sociais e, en xeral, os profesionais do armazón penal e penitenciario dispensan as mulleres; o papel que teñen as distintas entidades da sociedade civil, sexan feministas, de apoio e denuncia, relixiosas relacionadas con mulleres presas, e as diferentes maneiras que as mulleres teñen para rebelarse, botando man das nocións dominantes da identidade “feminina” para desafiar diferentes aspectos do réxime penal e penitenciario e desenrolar estratexias de resistencia.

Cobran especial importancia as voces das mulleres presas, as súas experiencias e etnografías de vida, sobre todo pola forma na que cuestionan e desaproban os

⁴ [Reglas de las Naciones Unidas para el tratamiento de las reclusas y medidas no privativas de la libertad para las mujeres delincuentes \(Reglas de Bangkok\)](#)

estereotipos de mulleres delinquentes que se constrúen a través de estatísticas. Moitos estudos destacan que o índice de encarceramento está crescendo moito mais que o índice de criminalidade feminina e a nivel internacional, sigue aumentando sobre todo por parte de mulleres que cometen delitos contra a propiedade “non violentos” e relacionados co tráfico de drogas -delitos contra a saúde pública-. Este “paradoxo penal” (Gelsthorpe e Morris, 2012) reflexa a necesidade de forzar un cambio radical. Gran parte das investigadoras insisten por desenrolar políticas penais alternativas, que cambien a dirección do endurecemento das sancións penais ás mulleres – diminuíndoas para reducir a poboación feminina nas cadeas- ou directamente para abolilas. Algunha autora propón un rol protagonista ás propias mulleres presas, para seren elas mesmas quen se impliquen no debate e propoñas as súas estratexias e alternativas. Estes estudos van mais aló na crítica no caso das mulleres presas, cuestionado o feito en si do seu encarceramento e o que ese encarceramento supón para elas e para os seus dependentes.

A “exclusión da exclusión” é o perfil que sobresaee cando se estudia ás mulleres encarceradas. Moitas foron “excluídas socialmente”, antes de ser condenadas e, logo na cadea, o encerro volve excluír cas súas políticas de encarceramento e castigo. Nas cadeas, elas son condenadas a tratamentos e a programas penitenciarios que as infantilizan, domestican, medicalizan e disciplinan.

Porén, as mulleres presas non é un corpo uniforme, como non o son as mulleres que non están presas. Desta maneira, para estudar a realidade penitenciaria e das mulleres presas, é necesario ademáis, partir de análises interseccionais que recoñezan e incluan, o mesmo tempo co xénero, a clase social, a raza, a etnia, a nacionalidade, a sexualidade, a idade, a relixión, a discapacidade e outras dimensións que reflexan as múltiples posicións que construen a vida cotiá e as súas relacións de poder.

A forma que ten unha sociedade de castigar e sancionar as persoas que vulneran as leis penais reflexa en grande medida como é esa sociedade, que tipo de control social exerce, como se exerce e quen o exerce. Os delitos que son castigados e os que non, as súas causas, as súas orixes, a relación ca desigualdade, o conflito social, a pobreza, a exclusión, o xénero, a clase social, os grupos étnicos, a estranxeira, todos eles son temas e aspectos nos que a socioloxía e outras disciplinas deben analizar e nas que se ten que afondar.

Chegado o ano 2000, as investigadoras e investigacións sobre as cadeas de mulleres en España aumentou. Entre os traballos que se elaboran, marca un

antes e despois, o levado a cabo polo Equipo Barañi (2001, María Naredo e Daniel Wagman), respecto das investigacións sobre a comunidade xitana, estranxeira, drogas e violencias, poñendo en evidencia a sobre representación do colectivo de mulleres xitanas nas cadeas do estado español. Anos despois, a realidade levaría a ampliación dese estudo as mulleres estranxeiras encarceradas; as estranxeiras aínda padecen mais vulneracións de dereitos e mais discriminacións que as españolas, tanto durante o proceso penal como no propio contexto penitenciario. Os enfoques interseccionais e decoloniais permiten afondar no tema e ver a maior severidade punitiva e penitenciaria sobre as mulleres presas non nacionais, non europeas, a partir de clasificacións e/ou categorías estereotipada mente racistas que as discriminan e as criminalizan aínda mais. Esta intensificación é, xunto co tráfico de drogas, un dos factores clave para explicar o aumento das taxas de encarceramento feminino neste país. No lucrativo mercado internacional das drogas, as mulleres estranxeiras representan o eslavón mais visible, débil e proclive a criminalización da gran cadea do narcotráfico. Elas exercen de *correos* e de *mulas* e serán doadamente perseguidas, xudicializadas e mais castigadas.

Cabe engadir, desde un enfoque mais crítico e interdisciplinario, a breve pero radicalmente feminista na súa achega e reflexión que fai Elixabete Imaz sobre as mulleres presas. Comenta a autora como a invisibilidade é unha das violencias institucionais específicas que sofren as presas, a miúdo, se as estereotipa baixo perfís etnocéntricos e paternalistas que as representan exclusivamente como vítimas. O enfoque vitimista nega o seu dereito a ser vistas como suxeitos capaces de decidir, persoas que actúan, en determinado momento, cos recursos e opcións que teñen o seu alcance *“despliegan estrategias: de supervivencia, migratorias, etc. Saben que corren riesgos, aunque a menudo ignoran la magnitud del castigo que el “delito” supone, además de desconocer cómo funciona el sistema penal y la propia cárcel”*.

Un dato a ter en conta para calquera estudio criminolóxico desde unha perspectiva feminina é escasa participación das mulleres na comisión de delitos que acaban con pena de prisión, esta “escaseza” é unha das razóns principais para xustificar a invisibilidade das mulleres presas na literatura criminolóxica. Sen embargo, como relata Dolores Juliano é un paradoxo que as mulleres, como colectivo socialmente mais pobre e vulnerable a exclusión a nivel mundial, sexa o que cometa menos delitos e menos aínda asociados ás necesidades económicas. As posibles respostas están vinculadas o feito de que as mulleres desenrolan outras estratexias de supervivencia, como a formación e o estudo, a

construción de redes de apoio, o traballo na economía somerxida ou o traballo sexual.

Para as mulleres delinquir sería a peor das opcións posibles, polo que a cadea rompe o vínculo familiar e por isto, as mulleres delinquen menos. Tamén resulta interesante ver como as mulleres vivimos as normas e tamén, como somos avaliadas cando as incumprimos, cales son os riscos que consideramos prioritarios defendernos e que recurso utilizamos para esquivar a peor consecuencia, o afastamento dos dependentes que sofren co encarceramento da nai a súa propia condena.

Sen embargo, pese os intentos de cambio, non hai grandes transformacións. Con todo, hai que estar igualmente alerta a esas “perspectivas de xénero” que encriptan a reprodución das discriminacións das mulleres presas; como comenta Mapelli Caffarena:

Se trata de evitar que, como se denuncia en medios criminolóxicos comparados, la consigna de la sensibilidad institucional al género se convierta en un fraude de etiquetas que encubre nuevas y artificiosas fórmulas – como la llamada terapunción- de legitimar la prisionalización de prisioneras sociales.

Por isto, o obxectivo é outro, abolir o encarceramento e en particular, o encarceramento feminino pola súa innecesariedade e irreparable dano. A cadea é unha atalaia onde observar e constatar as dinámicas colectivas, porque o sistema penal e penitenciario é un bo reflexo da modalidade de benestar que cada sociedade desenrola. Mulleres que se vulneralizan outra vez cando entran nun sistema penitenciario que, pese as súas reformas ou “supostas melloras” segue discriminándoas, estereotipándoas, marxinandoas e volvéndoas a excluír da mesma sociedade que xa as excluíu de entrada.

Lembramos as palabras de Giuseppe Mosconi, criminólogo crítico italiano, no seu libro sobre as mulleres presas en Argentina:

“La cárcel representa seguramente uno de los terrenos más difíciles para la investigación social. No tanto y no sólo por los obstáculos burocráticos y formales, las restricciones espacio-temporales, el carácter rígido, inquietante, ansiógeno en los cuales la investigación se desarrolla, sino sobre todo por la red de ambigüedad de significados y de lenguajes dentro de la cual se debe inteactuar, en distintos niveles”.

CANDO O DELINCUENTE É ELA: AS NOVAS PRESAS

É preciso poñer resgos humanos as novas reclusas das nosas cadeas, facer unha fotografía da realidade social, económica e delictiva das mesmas. E o mesmo tempo, e preciso utilizar este retrato para cuestionar algunhas das mais “sólidas” premisas nas que se asenta o noso sistema penal. A criminalización da pobreza nada ten que ver co tratamento dos desviados. Os colectivos criminalizados xa non son enfermos, nin tan sequera drogodependentes, senón persoas perfectamente socializadas nun contexto e nuns valores, os da sociedade capitalista-consumista que lonxe de satisfacer as necesidades mais básicas da poboación abandona a súa sorte a número maior de persoas. As novas presas son sen dubida o mellor exemplo desta tendencia.

As mulleres estranxeiras e xitanas que fican atrapadas nese circuío punitivo mostran, sen elas sabelo, as tendencias actuais dun sistema penal cada vez menos pudoroso a hora de mostrar as súas intencións ocultas. O analizar as relacións destas novas mulleres presas co sistema punitivo aparecen moi ben debuxadas dúas das funcións do sistema: a contribución a xestionar os fluxos migratorios norte-sur e o control das masas de persoas excluídas do sistema socioeconómico.

A vez, estas mulleres son a luz de alerta das dinámicas selectivas do sistema penal, sistema penal que suma mais violencia as súas vidas. Hai unha cuestión que merece a pena ser comentada: as presas xitanas e estranxeiras son mulleres moi ben adaptadas ao rol que a sociedade patriarcal lles asigna, o sistema penal non intervén para devolverlles ao seu lugar no sistema de relacións de xénero, senón para devolverlles o espáceo de clase do que non deberían ter intentado saír.

A explicación sobre o rápido incremento das mulleres presas é a que a relaciona ca liberalización da muller, cun maior acceso ao ámbito do público. Porén, esta non parece ser a razón principal, se temos en conta que precisamente nos países europeos mais avanzados neste terreo, como os países escandinavos, Países Baixos e Alemaña, son os que presentan as taxas mais baixas de reclusión feminina. E España e Portugal, que non son dende logo un modelo en canto a equiparación de dereitos entre homes e mulleres, son, sen embargo, os que ostentan a maior taxa de mulleres presas. Por outra banda, a maioría de mulleres presas non se atopa precisamente entre as franxas de mulleres mais liberadas, senón o contrario, soen establecer relacións de dominio cos homes, nas que se sitúan en clara situación de inferioridade.

Parece mais acertado relacionar o aumento da criminalización feminina cun triplo fenómeno:

1. O incremento do que se denomina a feminización da pobreza (entre os pobres, unha grande maioría son mulleres soas con cargas familiares).
2. A tendencia cada vez mais acusada nos países occidentais a criminalización dos pobres; unha gran porcentaxe de mulleres encarceradas actualmente nas nosas cadeas son, estranxeiras mozas que delinquiron en verdadeiros estados de necesidade.
3. O endurecemento da política antidroga, que golpea fundamentalmente aos derradeiros eslavóns da cadea de venda de droga; a gran maioría das mulleres presas está presa por este tipo de delito.

O caso das estranxeiras nas cadeas españolas: inmigrantes e non-nacionais.

A primeira precisión que hai que facer o falar de mulleres presas estranxeiras é que está denominación engloba a dous colectivos ben diferenciados: as inmigrantes reclusas e as reclusas non-nacionais. As primeiras serían as persoas que emigraron o noso país por razóns económicas, e as segundas serían estranxeiras que veñen a territorio español non ca intención de inmigrar, senón con calquera outra motivación.

En xeneral, en todos os países europeos existe unha porcentaxe significativas de persoas presas estranxeiras. Nas últimas décadas, este número ten aumentado de maneira espectacular.

Os dous países dos que procede a maioría de persoas presas estranxeiras, tanto homes como mulleres, son Marrocos e Colombia. Isto se explica a partir de dous fenómenos intimamente unidos: a inmigración clandestina e a participación no tramo mais feble da cadea de comercio de drogas ilegais, como derradeiros recursos para saír das situacións de miseria nos países de orixe. É a chamada “criminalización da miseria” (Wacquant, 1999), tendencia cada vez mais global de xestión dos conflitos sociais e económicos a partir da represión como única estratexia.

A circunstancia que mellor define a situación das presas estranxeiras é a falta de apoio externo (afectivo e material) pola lonxanía do entorno familiar. Estas mulleres normalmente non reciben visitas, nin paquetes, nin apoio económico. E por esta razón que as mulleres estranxeiras teñen menos probabilidades de

progresar en grado e de desfrutar de permisos de saída, pola súa ausencia de arraigo familiar e opcións laborais. Así a variable “estranxeiría” figura na táboa de avaliación dos permisos de saída manexados polos Equipos de Tratamento como variable negativa ou variable de risco, xunto ca reincidencia, a toxicomanía e outras. A falta de información sobre o sistema penitenciario e o sistema penal (descoñecemento por exemplo, das posibilidades de substitución da pena de prisión, ou incluso da posibilidade de cumprir a pena no seu país de orixe) engadido a que na maioría das cadeas españolas non existen interpretes para os presos e presas que non falan español.

É importante sinalar un dato que deixa entrever a tremenda situación da inmensa maioría de persoas presas estranxeiras, mais da metade das persoas presas cumprirían a liberdade condicional no estado español, so o 40% regresarían o seu país unha vez concedida a liberdade condicional.

Outro dato importante a ter en conta é que as novas presas son testemuñas directas da desproporción punitiva e da ausencia da finalidade resocializadora da pena de prisión.

Á sobrerrepresentación das mulleres xitanas e estranxeiras nas cadeas, engádesse que soen permanecer encarceradas un tempo moi elevado. No caso das mulleres estranxeiras, a maioría encarceradas por un delito contra a saúde pública, si se aprecia “cantidade de notoria importancia”, a condena mínima é de 9 anos.

Os danos psicolóxicos consecuencia do encarceramento prolongado, debemos engadir que o proceso de desadaptación social, tanto das mulleres xitanas como estranxeiras, é aínda mais pronunciado, sen esquecer que estas mulleres desempeñan xeralmente un papel de gran responsabilidade no seu ámbito familiar, por iso que vivan a privación de liberdade con gran sensación de impotencia, o verse imposibilitadas para resolver os problemas familiares. As consecuencias non son só para elas, a intervención do aparato punitivo está producindo unha importante desvertebración familiar e comunitaria, sirva como dato desta afirmación que o 62% das mulleres xitanas presas teñen familiares cercanos na cadea.

Outro dato importante a ter en conta é o relativo o consumo de drogas no caso das mulleres xitanas, o que fai que os delitos contra a propiedade que cometen son funcionais en relación directa ca adicción que presentan. Este dato en cambio, é mais residual entre as mulleres estranxeiras.

Nunha sociedade como a actual, onde o debate sobre a despenalización do comercio e distribución de drogas sigue pendente, resulta paragórico o asañoamento sen precedentes contra os últimos eslavóns da cadea de comercio de drogas a cumprir longas penas de prisión.

A modo de conclusión insistimos na idea inicial: as novas presas, antes de iniciar o percorrido polo sistema penal e penitenciario, viven situacións de pobreza e opresión de xénero. Moitas das mulleres estranxeiras fixeron a viaxe a España cargadas con droga, como derradeiro recurso ante situacións de pobreza, exclusión e violencia nos seus países. Á das “mulleres correos” é outra forma de inmigrar nun mundo global para os movementos de capital e mercancías (aberto a mercancías ilegais como as armas e as drogas) e fortificado para as persoas.

As novas presas son cada vez mais o groso das presas no estado español e sen embargo, estas mulleres nin son desviadas, nin perigosas, nin responsables, nin sequera drogodependentes. Non encaixan en ningún dos clichés ideolóxicos que teñen sido elaborados en tornos as presas e as cadeas. Este cambio de papel deriva do perfil destas novas presas.

Tanto as circunstancias sociodemográficas como a desproporción punitiva que estas mulleres personifican arrojan poderosos argumentos para desenmascarar as funcións reais do sistema penal:

- Xestionar a pobreza nos estados e a nivel planetario, controlando os fluxos migratorios dos pobres do sur e do leste.
- Perpetuar a situación de exclusión e etiquetaxe de certos colectivos de escaso interese para o sistema económico e laboral.
- Establecer a liña divisoria entre delincuentes e cidadás inocentes, desde a ficción de que as persoas presas son as que delinquen na nosa sociedade.
- Asociar pobreza, inmigración e etnias minoritarias a delito, contribuíndo a anular o sentimento de solidariedade da poboación con as persoas destes colectivos, lonxe de ser vítimas do sistema económico pasan a ser unha ameaza.

Onte e hoxe, as cadeas cómpren unha función social que non é a que se recolle formalmente como fins da pena de prisión, non se resocializa nin reeduca afastando da sociedade a que se pretende ensinar para volver, non se resocializa nin reeduca a quen non é preciso resocializar nin educar.